


O PEQUENO SAMAÍN

Con motivo da celebración do Samaín, o Concello da Coruña quere convidar a este Centro Escolar e aos seus mestres/as e alumnos/as de 3º e/ou 4º de Educación Primaria a participar nas actividades programadas para a celebración desta tradicional festa.

Este ano, desde a Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica plantexámosvos unha serie de actividades nas que os alumnos e alumnas do centro educativo poden formar parte activa.



OBRADOIRO DE DISFRACES

**Do 7 ao 10 ou do 21 ao 24 de outubro,
en horario de mañá.**

Haberá un máximo de **12 Centros Escolares** participantes, e cada grupo escolar estará **formado por 25 cativos/as de 3º e/ou 4º de EP.**

Será o centro escolar quen decida se o grupo o conforman alumnos/as da mesma clase ou se hai una escolla de entre varias clases ou cursos.

Este grupo contará cun monitor/a, que impartirá un **obradoiro de 4 horas de duración, do 7 ao 10 ou do 21 ao 24 de outubro** (unha hora cada día) na franxa de **9:00 a 14:00 h.**

A finalidade destes obradoiros é a de confeccionar os disfraces e o estandarte que levarán os rapaces/as durante o pasarrúas e a recepción en María Pita.

O monitor/a proporcionará a maior parte do material e indicará aos alumnos/as que outras cousas teñen que traer da casa para complementar o seu vestuario.

Ademais, no primeiro obradoiro, o monitor/a explicarlles aos rapaces/zas en que consiste a festa do Samaín e cales son as súas orixes e tradicións.

PASARRÚAS TERRORÍFICO

30 de outubro, 11:00 h

O grupo de nenos/as acudirá, xunto aos outros grupos, ao Pasarrúas Terrorífico que terá lugar o xoves 30 dende as 11:00 h.

Os rapaces/as serán citados na Praza de Lugo unha media hora antes do inicio do desfile.. O Concello xestionará un servizo de autocares para os desprazamentos.


Cada grupo irá acompañado do seu profesor/a e un monitor/a, que será o encargado de guialos/as ata a recepción en María Pita.

O desfile será dinamizado por personaxes caracterizados para animar o percorrido.

RECEPCIÓN EN MARÍA PITA

30 de outubro, 12:30 h

Na casa do Concello **a comitiva será recibida por representantes municipais**, que farán entrega aos cativos de diversos premios para material escolar.



PREMIO

Cada un dos grupos participantes nas actividades recibirá un vale de **150 €** destinado á compra de **material escolar.**

QUE NECESITAMOS DO CENTRO ESCOLAR

O centro escolar proporcionará unha aula onde poder desenvolver o obradoiro, así como material básico de manualidades (tesoiras, pegamento, pinturas...).

Así mesmo, o centro tamén porá a disposición un profesor/a para colaborar na atención dos rapaces/as, tanto durante o obradoiro na aula, como durante a saída do día 30 de outubro (no autocar e no pasarrúas)

O centro tamén terá que dar o permiso aos 25 alumnos/

as para empregar as horas lectivas en acudir ao obradoiro, así como ao pasarrúas.

Confirmar os permisos de cesión de fotografías dos rapaces/as participantes.

Para a confección dos seus disfraces, cada alumno/a deberá traer ao centro as pezas básicas de roupa que lle solicite o seu monitor/a.

Apúntate antes do 20 de setembro no correo: samainacoruna@gmail.com

As prazas serán asignadas por orde de inscrición.

Consulta as túas dúbidas nos teléfonos 981 145 135 e 653 805 376





Concello da Coruña

máis info: coruna.gal/educacion/es/programas-educativos
ou en samainacoruna@gmail.com